

Resolución de Claustro do

A pandemia causada pola covid-19 obrigou, en marzo do ano 2020, a interromper as clases presenciais e a instaurar un dubidoso modelo educativo non presencial durante o que restaba de curso, para o cal o sistema educativo non estaba preparado. Sen dúbida, isto xerou enormes dificultades nun sistema que non contaba co necesario para afrontar tales retos. Porén, estes foron asumidos cunha enorme xenerosidade e compromiso pola comunidade educativa en xeral e polo profesorado en particular, cun elevado custo persoal e volume de traballo nun tempo récord.

Co inicio do curso implementáronse, nas diversas comunidades autónomas, distintos plans para afrontar a situación educativa derivada da pandemia. A gran maioría das CC. AA. apostaron por unha redución, en maior ou menor medida, das *ratios*, aínda que claramente insuficiente nas etapas de educación infantil e primaria.

O incremento de profesorado nos centros educativos onde se aplicou esta medida supuxo unha mellora na educación do alumnado, que gozou dunha atención máis individualizada e maior cantidade de reforzos e apoios que pretenderon paliar os efectos negativos do período de confinamento.

As condicións sanitarias provocadas pola covid-19 non desapareceron, nin ten un prognóstico que permita asegurar que o vindeiro curso 2021-22 poida comezar sen aplicar as medidas de distancia social, a redución de alumnado por aula, a contratación de profesorado ou a habilitación de espazos para novas aulas.

Ademais, a redución de alumnado por aula ten implicacións educativas, como ben recolle a OCDE (2020) no informe titulado *PISA 2018 Results (Volume V): Effective Policies, Successful Schools (Políticas eficaces, escolas de éxito)*: «(...) O número de escolares na clase é unha das políticas educativas máis estudadas; existen investigacións extremadamente rigorosas que demostran a importancia deste factor como influencia positiva no rendemento dos escolares».

- A *ratio* das aulas é un elemento importante nos resultados das e dos escolares, e pode ser afectada directamente por actuacións políticas. En igualdade de condicións, aumentar a *ratio* dunha aula danará os resultados do alumnado.
- A evidencia suxire que aumentar o número de escolares na aula prexudicará non só a puntuación nas probas dos nenos e as nenas a curto prazo, senón tamén a súa formación a longo prazo. O diñeiro aforrado hoxe co incremento da *ratio* das clases terá custos sociais e educativos maiores no futuro.
- O beneficio que supón baixar a *ratio* nunha clase é maior para os nenos e as nenas de baixos ingresos e minorías sociais, mentres que calquera aumento na *ratio* será posiblemente máis prexudicial nestas poboacións.
- Quen diseña políticas educativas debe sopesar coidadosamente a eficacia da redución da *ratio* fronte a outros usos potenciais dos recursos. Se ben as clases con *ratios* máis baixas teñen un maior custo demostrable, poden ser políticas máis rendibles en termos xerais.

Resolución do Consello Escolar do

A pandemia causada pola covid-19 obrigou, en marzo do ano 2020, a interromper as clases presenciais e a instaurar un dubidoso modelo educativo non presencial durante o que restaba de curso, para o cal o sistema educativo non estaba preparado. Sen dúbida, isto xerou enormes dificultades nun sistema que non contaba co necesario para afrontar tales retos. Porén, estes foron asumidos cunha enorme xenerosidade e compromiso pola comunidade educativa en xeral e polo profesorado en particular, cun elevado custo persoal e volume de traballo nun tempo récord.

Co inicio do curso implementáronse, nas diversas comunidades autónomas, distintos plans para afrontar a situación educativa derivada da pandemia. A gran maioría das CC. AA. apostaron por unha redución, en maior ou menor medida, das *ratios*, aínda que claramente insuficiente nas etapas de educación infantil e primaria.

O incremento de profesorado nos centros educativos onde se aplicou esta medida supuxo unha mellora na educación do alumnado, que gozou dunha atención máis individualizada e maior cantidade de reforzos e apoios que pretenderon paliar os efectos negativos do período de confinamento.

As condicións sanitarias provocadas pola covid-19 non desapareceron, nin ten un prognóstico que permita asegurar que o vindeiro curso 2021-22 poida comezar sen aplicar as medidas de distancia social, a redución de alumnado por aula, a contratación de profesorado ou a habilitación de espazos para novas aulas.

Ademais, a redución de alumnado por aula ten implicacións educativas, como ben recolle a OCDE (2020) no informe titulado *PISA 2018 Results (Volume V): Effective Policies, Successful Schools (Políticas eficaces, escolas de éxito)*: «(...) O número de escolares na clase é unha das políticas educativas máis estudadas; existen investigacións extremadamente rigorosas que demostran a importancia deste factor como influencia positiva no rendemento dos escolares».

- A *ratio* das aulas é un elemento importante nos resultados das e dos escolares, e pode ser afectada directamente por actuacións políticas. En igualdade de condicións, aumentar a *ratio* dunha aula danará os resultados do alumnado.
- A evidencia suxire que aumentar o número de escolares na aula prexudicará non só a puntuación nas probas dos nenos e as nenas a curto prazo, senón tamén a súa formación a longo prazo. O diñeiro aforrado hoxe co incremento da *ratio* das clases terá custos sociais e educativos maiores no futuro.
- O beneficio que supón baixar a *ratio* nunha clase é maior para os nenos e as nenas de baixos ingresos e minorías sociais, mentres que calquera aumento na *ratio* será posiblemente máis prexudicial nestas poboacións.
- Quen diseña políticas educativas debe sopesar coidadosamente a eficacia da redución da *ratio* fronte a outros usos potenciais dos recursos. Se ben as clases con *ratios* máis baixas teñen un maior custo demostrable, poden ser políticas máis rendibles en termos xerais.